

Imaxes:

<https://oporrino.org/galeria-de-imaxes-exposicion-de-mascaras-do-entroido-galego/>

<http://audicionelinguaxecraberqondo.blogspot.com/2014/02/o-entroido-galego.html>

<https://www.pinterest.es/pin/351984527123735595/>

<https://colepeques.blogspot.com/2014/02/actividades-realizadas-co-alumnado-de-3.html>



Entroido



O Entroido (tamén chamado Antroido ou Introido, entre outras denominacións), é ademais unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense.

Hoxe goza de moi boa saúde, aínda que algúns ritos e peculiaridades perdéronse e outros estean en proceso de recuperación.

Non hai que esquecer que Galicia foi unha das poucas rexións de España que continuou celebrando o entroido a pesar da prohibición.



Hoxe a importancia do Entroido é tal que oito entroidos galegos exhiben con orgullo a cualificación oficial de "Festa de Interese Turístico".

Hai máis de 175 municipios de Galicia declararon festivo o Luns ou Martes de Entroido ou o Mércores de Cinza. Unha celebración ao grande á que calquera pode unirse.

Iso si, convén ir disfrazado... do que sexa!

Aquí o que se valora é o espírito participativo e as ganas de divertirse.

Sen disface uno corre o risco de sufrir uns golpes de fusta; de que lle boten fariña ou formigas vivas; ou de ter que convidar a unha rolda de viños. É a lei.

Hai tamén outra lei que se cumpre a machada: a dos banquetes gastronómicos.

Porque en Galicia o Entroido acompáñase sempre dunha boa mesa.

Unha cociña de succulentos pratos, perfecta para reparar forzas, que ten como protagonista ao porco e de acompañantes ás patacas, os grelos e os garavanzos.

De sobremesa, "filloas", "orellas", "bica"; e de remate, un bo licor café. O mellor do mundo.

En Galicia hai nove entroidos que teñen recoñecemento de interese turístico:

Un é Festa de Interese Turístico Internacional: o Entroido de Xinzo de Limia (coas pantallas)

Outro é Festa de Interese Turístico Nacional: o Entroido de Verín (cos cigarróns).



Sete delas teñen o recoñecemento de Festas de Galicia de Interese Turístico:

- o Entroido de Cobres (coas damas e os galáns),
- o Entroido de Laza (co seu peliqueiros),
- o Entroido de Viana do Bolo (no que o personaxe central é o boteiro).
 - o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda (coas mázcaras).
- o Xenerais do Ulla
- o Entroido de Maceda (cos felos)
- o Entroido de Vilariño de Conso



• Entroido de Galicia •



Peliqueiro de Laza



Fantalla de Xurro



Madama e Galano de Cobres



Bonita de Samol



Botairo de Viana do Boto



Trotiro de Bande




Mendeiro de Vigo



Felo de Maceda



Cigarrón A Verín



Galos de San Pedro da Mezquita



Mascara da Manela pra Aca



Botairo de Ularaño de Conso



Xenerais da Ulla



Volantes do entroido Ribeiras de Ciantada

PELIQUEIROS DE LAZA




LUGAR:

PROVINCIA:

DESCRIPCIÓN:

OUTRO DATO CURIOSO:



MERDEIROS DE VIGO

LUGAR:


PROVINCIA:

DESCRIPCIÓN:

OUTRO DATO CURIOSO:




A máscara do peliqueiro está feita de madeira de bidueira e a «mitra», a pantalla superior, é normalmente de aluminio, para que pese menos e vai adornada con debuxos de animais. Serás quen de crear a túa propia máscara?



SITÚA AS PARTES DA VESTIMENTA:



| | | | | |
|----------|---------|----------|----------|--------|
| CAMISA | LIGAS | CARETA | CHAQUETA | GALÓNS |
| GARAVATA | ZAPATOS | MEDIAS | CINTO | CHOCAS |
| PELICA | LÁTEGO | PANTALÓN | ZAPATOS | |



LOCALIZA NO MAPA CADA CELEBRACIÓN:



INVESTIGA E ESCRIBE O NOME DE CADA RECEITA:

